



Memoria Anual dos Servizos Sociais Municipais

Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

O pasado exercicio 2020, un total de 142 familias foron beneficiarias nos seus propios domicilios deste programa -un aumento de 24 con respecto ó ano anterior-. Producíronse 47 incorporacións durante os doce meses. As horas que recibiron as persoas usuarias foron 30.984, o que supón un aumento de case mil respecto a 2019.

A prestación deste servizo está axudicada a unha empresa externa, a cal tivo contratadas a trinta traballadoras, todas elas mulleres. As tarefas que se desenvolven estas auxiliares van desde atención persoal -apoio no aseo e baño, mobilización, vestirse- ata a doméstica -limpeza de vivenda, elaboración de comidas, lavado de roupa, ...-.

Na modalidade Dependencia, foron 105 os beneficiarios, persoas que foron recoñecidas co seu grao e o conseguinte dereito a beneficiarse deste servizo municipal.

O resto, 37 persoas, atendidas na modalidade Libre Concorrenca.

As 142 familias beneficiarias pertencían a 27 das 32 parroquias coas que conta o termo municipal.

En canto ó grupo de idades, reflíctese na seguinte táboa

	Libre Concorrenca	Dependencia	Total
Menores de 65 anos	5	6	11
De 65 a 79 anos	8	10	18
De 80 a 89 anos	13	58	71
Máis de 90 anos	11	31	42
Totais	37	105	142

Por sexos, en 100 situacións, unha muller foi a destinataria principal, e en 42 un home.

En 24 casos, tratouse de persoas que vivían soas no seu domicilio.



Programa de Información, Orientación e Asesoramento

De luns a venres, un traballador social atende o público na casa consistorial. Polo departamento pasaron entorno ás persoas.

Das preto de 200 tramitacións realizadas ó longo do ano, destacan 53 solicitudes de valoración da dependencia, 40 declaración de pensión non contributiva, 19 solicitudes de valoración de discapacidade, 9 exencións de imposto de rodaxe ou 11 solicitudes do bono social eléctrico, así como 4 tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.

Punto de Atención á Infancia (PAI)

Este servizo, atendido por dúas profesionais, onde as familias do municipio poden deixar os seus nenos de ata tres anos en horario de 8:00 a 16:00, ofrece un total de 20 prazas. O pasado curso 2019-2020, as prazas foron totalmente cubertas. As instalacións que acollen o centro, actualmente atópanse na Praza de España, a carón do colexio.

Servizo de Atención Temperá (SAT)

Este servizo púxose en funcionamento no mes de setembro conxuntamente cos concellos de Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Rei, ademais de Friol, financiado pola Consellería de Política Social.

De carácter gratuíto para as familias, ofrece atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos de idade dos cinco concellos sinalados que presentan trastornos no seu desenvolvemento ou que se encontren en risco de padecelos mediante as intervencións necesarias e individuais en cada caso.

Os profesionais que atenden o servizo son 4: enfermeira, psicóloga, logopeda e terapeuta ocupacional.

A unidade traballa en coordinación cos servizos de Pediatría, cos departamentos de Orientación e Tutoría dos colexios, así coma cos traballos sociais dos concellos

Obxectivos

Enténdese por atención Temperá o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á contorna, que teñen como obxectivo dar resposta o máis pronto posible ás necesidades



transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco a padecelos.

Para dar unha resposta eficaz debemos considerar o/a neno/a, a familia e á contorna.

- NENO/A: potenciando a autoestima, as habilidades persoais, a autonomía personal .
- FAMILIA: facilitandoa participación, cooperación, aprendizaxe, apoio....
- CONTORNA: propiciando o máximo grao de integración e adaptación ao medio.

Os obxectivos xerais serían a intervención do problema se o houberse e a prevención e poden concretarse nos seguintes obxectivos específicos:

- Reducir os efectos e consecuencias dos déficits e deficiencias do neno e nena no seu entorno global .
- Optimizar, na medida do posible, o desenvolvemento de todas as áreas do menor.
- Achegar medidas de adaptación e compensación á contorna para as necesidades do neno/a
- Evitar ou minimizar os efectos secundarios dunha situación de risco ou un trastorno.
- Atender as necesidades da familia e proporcionarlle información á mesma, así como fomentar as súas capacidades e competencias ante o desenvolvemento do neno/a.
- Considerar o neno e a nena un suxeito activo da intervención.
- Planificar accións de intervención para coordinar os diferentes ámbitos (social, educativo, familiar e persoal).

Ubicación e medios materiais

O SAT está ubicado no segundo andar do centro sociocultural de Friol. Trátase dun centro que acaba de ser remodelado integramente. Conta cunhas instalacións accesibles, confortables e modernas.

A totalidade do segundo andar está dedicado a este servizo, dividido nas seguintes estancias:

- Sala de reunións e de Enfermaría
- Sala de Terapia Ocupacional
- Sala de Logopedia
- Sala de Psicoloxía
- Rocho para gardar material
- Sala de espera
- Servizos de homes, mulleres e para persoas con discapacidade



Todas as salas teñen radiadores de calefacción, así como luz natural a través de grandes ventás. Pódese acceder por escaleiras ou por ascensor. Cada unha das salas dispón de ordenador, mobiliario e material de oficina (mesa, armario, caixoneira, impresoras-escaner, fotocopiadora, etc.). Tamén dispoñen de mesas e cadeiras infantís. A maiores, dentro deste espazo hai tres sofás, dous que se usan na sala de espera e outro na de reunións, así como mesiñas auxiliares.

Para prestar os diferentes servizos específicos de cada área cóntase con diverso material especializado: puzzles, contos, cociña, xogos de bolos, aros, colchonetas, cabaliños balancíns, xogos de letras, xogos de números, xogos de fichas, pelotas de diversos tamaños, pelota cacahuete, plataforma equilibrio, tatami, set de escaleira e rampa, piscina de bolas, columpio terapéutico con integración sensorial, tampolín muelles, túnel nylon, etc.

Dende a posta en marcha da Unidade de Atención Temperá, 08/09/20 ata o 31/12/20 están sendo atendidos co seu respectivo ingreso na HSU (Historia Social Única da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia) **23 menores** de 0 a 6 anos. A idade media das crianzas á súa de entrada é de 51,86 meses (4,3 anos).

A principal **fonte de detección** dos casos foi a escola , no segundo lugar a familia e en terceiro lugar polo Servizo de Pediatría .

Os **motivos fundamentais da demanda** son:

- Trastornos da fala
- Trastornos sensoriomotores
- Trastornos psicolóxicos

Nos tres meses de funcionamento, atendéronse 30 nen@s